



Na reunión conxunta da Xunta de Persoal e o Comité de Empresa de PAS, celebrada onte día 11 de decembro de 2014, na que participaron todos os sindicatos e agrupación electoral presentes en ámbolos dou órganos de representación a excepción do sindicato UGT, que xustificou a súa ausencia,

ACORDOUSE:

1. Aprazar a negociación da RPT, para, deste xeito, darnos o tempo necesario á representación d@s traballador@s para a elaboración dunha proposta alternativa á que puxo a Xerencia enriba da mesa, dadas as importantes discrepancias existentes entre a súa proposta e as alternativas da representación dos traballadores/as.
2. Non asistir á reunión convocada pola Xerencia para onte, día 11, coa finalidade de tratar sobre a súa proposta de RPT.
3. Comunicarlle á Xerencia a decisión tomada
4. Establecer a seguinte reunión dos órganos de representación para o día 20 de xaneiro na que se elaborará a proposta alternativa e se decidirán os pasos a dar posteriormente.

Unha vez rematada a reunión, unha representación de todos os sindicatos e agrupación electoral presentes, reuniuse co xerente que aceptou o aprazamento en aras á posibilidade de acadar acordos, sinalando, de novo, a imposibilidade de crecemento da RPT debido ás imposicións da Xunta de Galicia.

*O Secretario da Xunta de Persoal*

*Marcos Pérez Fernández*